

Poñémonos ao outro lado das ondas

Escoita, le o guión da entrevista e completa os ocos:

[Comeza coa sintonía - 5 segundos]

Leo: Ola a todas e a todos, benvidos e benvidas a "Ondas da (1)_____", o podcast que emitiremos desde a mesma escola!

Sara: Eu son Sara...

Leo: ...e eu (2)_____ E hoxe temos connosco a alguén moi especial!

Sara: Si! Está aquí Ana Silva, experta en medios de (3)_____ en liña e deseñadora de software, que vai compartir con nos todo o que sabe sobre o podcast! Ola, Ana! Grazas por vir a "Ondas da Escola".

Ana: Ola, Leo! Ola, Sara! Encantada de estar aquí convosco. Grazas por invitarme.

Leo: Ana, escoitamos moito falar do podcast ultimamente, nos nosos móbiles, na tablet... Pero, que son exactamente? Son coma a (4)_____?

Ana: É unha boa pregunta, Leo. Imaxínade un programa de radio, si, pero coa maxia de (5)_____. Un podcast é coma un programa de audio que podedes escoitar cando queirades, onde queirades, sobre case calquera tema que se vos ocorra: historias de misterio, ciencia divertida, (6)_____ coma esta, música...

Sara: Vaia! Entón podo escoitalo cando vou no autobús ou mentres debuxo?

Ana: Exactamente, Sara! Esa é unha das súas grandes vantaxes. Non tedes que estar pendentes dunha hora concreta, como na radio tradicional. Buscades o podcast que vos gusta nunha (7)_____ ou páxina web, dádeslle ao play, e listo! Podedes (8)_____ para non perder ningún episodio novo.

Leo: E por que cres que agora hai tantos? Parece que todo o mundo fala deles ou ten un!

Ana: Pois un pouco polo que dicía Sara, pola comodidade. E tamén porque hoxe en día é máis doado crealos. Moita xente ten cousas interesantes que contar e o

podcast é unha forma estupenda de compartilas só coa voz. Ademais, hai tanta variedade que sempre atopas algo específico que che interese moito, moito.

Sara: Entón, é diferente de ver (9)_____ en Internet, non? Aínda que tamén hai xente falando.

Ana: Claro. En Internet o importante adoita ser a imaxe, e o son ten un rol secundario. No podcast, a protagonista é a voz, o son, a historia que che contan ao oído. Permíteche usar máis a túa (10)_____. E como dixemos, podes facer outras cousas mentres escoitas.

Leo: Que interesante! Entón, se queremos escoitar podcasts, só temos que buscar en aplicacións de música ou hai sitios especiais?

Ana: Hai moitas aplicacións! Algunhas que quizais xa usades para música tamén teñen podcast (como Spotify), e hai outras específicas só para podcast (como iVoox, Apple Podcast, Google Podcast...). Só tedes que buscar por (11)_____ que vos gusten: aventuras, animais, videoxogos... seguro que atopades algo!

Sara: E ti tes algunha recomendación dalgún podcast que non poidamos perder?

Ana: Pois a verdade é que a oferta é tan ampla que ás veces resulta difícil escoller. Recomendovos que vaiades á páxina Podgalego e escollades o tema que vós queirades e lle botedes unha (12)_____.

Leo: Moitísimas grazas, Ana! Aprendemos moito hoxe sobre este mundo do podcasts e de seguro que faremos máis episodios.

Ana: Sería xenial! Seguro que tedes moitas cousas interesantes que contar. Animádevos!

Sara: Grazas de novo, Ana! E a vós, grazas por escoitarnos en "Ondas da Escola".

Leo: Vémonos... ou mellor dito, escoitámonos no próximo episodio!

[Sintonía de saída uns 10 segundos e baixa ata desaparecer]

Analiza a entrevista, completa eazona:

Nome e rol dos ou das participantes	

Temática do podcast	
Partes que atopas	
Lugar de emisión	
Formal ou informal	
Cales poden ser temas futuros?	
Escoitarías este podcas?	

